


Escrita galega en italiano

ARMANDO REQUEIXO
armandorequeixo@hotmail.com



LA LETTERATURA GALEGA.
AUTORI E TESTI
Carocci editore

A literatura galega e a italiana teñen unha historia que as vencella dende moi antigo, pois xa un dos nosos xogres medievais, Picandon, era compañeiro do trobador de Mantua Sordello da Goito.

Secasi, e malia os contactos que en tempos do Rexurdimento, a Época Nós e todo o pasado século se foron producindo, non foron moitas as veces en que textos galegos se viron vertidos á lingua do Dante.

Por iso é tan agradecida a aparición de *La letteratura galega. Autori e testi*, unha ampla antoloxía de textos traducidos de medio cento de autores da nosa literatura dende as súas orixes ata a coetaneidade, que se publica no prestixioso selo Carocci Editore.

O criterio que vertebrou a compilación foi a dedicatoria do Día das Letras Galegas. Deste xeito, os creadores traducidos foron, xustamente, aqueles que, dende 1963 ata 2012 (momento de peche do deseño do libro), recibiron a homenaxe do pobo galego no seu día, comezando por Rosalía e rematando, neste caso, en Lois Pereiro.

Os profesores encargados desta obra foron Gemma Álvarez Maneiro e mais Giovanni Borriero, do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Padova. Foron eles, xunto aos seus colegas Rachele Fassanelli (tamén pertencente a esta universidade), Attilio Castellucci (da Sapienza Universidade de Roma) e mais Manuel Negri (da Universidade de Santiago de Compostela) os encargados de verter os textos ao italiano e tamén de elaborar as fichas biobibliográficas que anteceden as traducións.

Segue logo a "Introduzione" xeral á obra que asinan os editores, na que dan razón do seu xurdimento, xustifican a escolla do título, afondan nas relacións intersistémicas das dúas literaturas.

O volume ábrese cun proemio do profesor Xesús Alonso Montero ("Prologo appassionato ad un'antologia in italiano di 50 scrittori galeghi: una mezza dozzina di osservazioni") no que incide nas relacións que, ao longo do tempo, o mundo da literatura e a filoloxía italiana e galega mantiveron, congratulándose pola aparición desta obra.

Segue logo a "Introduzione" xeral á obra que asinan os editores, na que dan razón do seu xurdimento, xustifican a escolla do título, afondan nas relacións intersistémicas das dúas literaturas, caracterizan sinteticamente o perfil das e dos antologados, explican a estrutura do volume e rematan cos agradecementos.

Complementariamente a esta introdución, o libro conta tamén cun apéndice con mapas da Galicia medieval e actual, esquemas histórico-literarios, un breve glosario de termos culturais clave e unha bibliografía xeral, aditamentos todos que enriquecen o traballo e completan a

visión do noso campo literario.

Como ben pode deducirse da presenza dos cómpitos filólogos responsables deste *La letteratura galega. Autori e testi*, a selección e tradución de textos é acada e merece recoñecemento.

Tamén son de estimar as fichas biobibliográficas que introducen a vida e obra dos antologados, mais aquí é onde un lector galego especializado pode atopar algúns reparos, pois, sendo meritorio o esforzo dos editores e analistas que participaron na obra, non deixan de detectarse certas ausencias que non axudan a unha visión integral dos persoeiros (poño por caso: estudar a obra de Cunqueiro sen contar coas achegas de Anxo Tarrío, a de Blanco-Amor sen citar a canónica biografía de Gonzalo Allegre, a de Fole sen referirse aos traballos de Luís Alonso Girgado e outros ou a de Uxío Novoneyra sen amentar a Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer entendo que non é ofrecer unha panorámica decantada de moito do substantivo que sobre os autores se dixó).

En conclusión: este *La letteratura galega. Autori e testi* "a cura di" Gemma Álvarez Maneiro e Giovanni Borriero é unha plausible antoloxía dunha non pequena parte da nosa escrita traducida ao italiano. Unha obra que, de seguro, axudará a se familiarizar coas letras galegas ao lectorado italiano en xeral e universitario en particular, ámbito do que esta iniciativa parte e no que con certeza ha ser ben recibido. Vaian, pois, os parabéns para editores, tradutores, prologuistas e todos cantos co seu apoio contribuíron con estas páxinas a que os vieiros de ambas as dúas culturas, linguas e literaturas sigan andando camiño de mans dadas.



Billete de duacentas liras turcas co retrato de Yunus Emre